

CONCURSO DE TRASLADOS INFORMACIÓN

Hoxe publicouse en DOG a [RESOLUCIÓN do 21 de decembro de 2017, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se actualiza a relación de potenciais destinos do concurso de traslados aberto e permanente para a provisión de prazas básicas de persoal estatutario de xestión e servizos, convocado mediante a Resolución do 29 de novembro de 2017](#)

Está publicada unha **actualización da relación de potenciais destinos do concurso de traslados aberto e permanente** de persoal de xestión e servizos, que afecta exclusivamente ás categorías de **celador e persoal de servizos xerais**.

c

Na categoría de celador/a, inclúense prazas en PACS en diversas localidades.

Na categoría de PSX, inclúese un centro de saúde.

Os/as aspirantes **destas categorías** que tivesen formalizado e presentado por rexistro

electrónico o seu formulario de participación no concurso de traslados e desexen efectuar unha modificación do mesmo para incorporar algún dos destinos que se adicionan, deberán efectuar esta modificación a través de Fides/expedient-e. Para iso, o/a profesional deberá acceder ao seu formulario de inscrición, xa formalizado, efectuar sobre o mesmo os cambios na selección de prazas que estime oportunos **e presentar o formulario de participación coas modificacións efectuadas, por rexistro electrónico**

.

Aqueles/as profesionais destas categorías que, tendo presentado a súa solicitude de participación no concurso non desexen efectuar ningunha modificación no/s destino/s seleccionado/s, non terán que realizar ningunha actuación.

Con carácter excepcional, **para as categorías de celador/a e persoal de servizos xerais, e exclusivamente para o primeiro ciclo de adxudicación**, admitiranse as solicitudes de participación e petición de destinos que consten rexistradas en Fides/expedient-e e formalmente presentadas ata o **31 de xaneiro de 2018**

.